

«Hai que afianzar o ensino en galego e máis usos para o noso idioma», afirma Anxos Sumai. SANDRA ALONSO

**ANXOS SUMAI** ESCRITORA E DOCUMENTALISTA

# «Esta novela está construída como se fose unha pintura»

*Lanza a cuarta narrativa longa, sete anos despois da anterior*

**JOEL GÓMEZ**
SANTIAGO / LA VOZ

Anxos Sumai presentou na libraría Couceiro a súa cuarta narrativa longa, *A lúa da colleita*, coa que gañou o premio García Barros no ano 2003. A escritora, traballa no Consello da Cultura Galega como documentalista, unha profesión coa que se sente afortunada «porque sempre me interesou estar entre os libros, e é para o que me formei».

**—¿Como explica esta nova narrativa para que un lector a lea?**
—É unha novela complexa. Tentei tratar varios temas, centrados na identidade persoal e na maneira como as persoas percibimos a realidade. Ou esa pregunta que nos facemos moitas veces de como nos ven os outros; esa angustia que pode producir o pensar que se podan facer cousas de que se non é consciente, como se houbese un duplicado. E trato a vellez, a soidade, a morte, a forma de vida dunha muller que elixe ser independente, algúns destes temas máis como pinceladas que tratados en profundidade. En parte é unha narrativa que está construída como se fose unha pintura.

**—Pasaron dez anos desde «Anxos da garda», a súa primeira narrativa, ¿Como valora esta década de narrativa galega?**
—Como un tempo moi exitoso: hai moitas voces novas, e obras de calidade e elaboradas con moita paixón; unha paixón que se debe manter.

**—¿E a súa experiencia literaria?**
—É magnífica. Comecei escribindo na Rede e pasei para o papel por oferta dunha editora, algo que non se me pasara pola cabeza e dubidaba que acontecese.

**—Levaba desde 2007 sen publicar narrativa longa...**
—Si, porque ás veces é necesario facer unha pausa. Aínda que publiquei outros traballos nese período.

**—A anterior, «Así nacen as baleas», gañou o premio San Clemente.**
—Ese é un premio precioso, o máis cariñoso de todos. E moi satisfactorio porque o xurado é xente nova, que discuten moito.

**—O Parlamento aprobou a iniciativa lexislativa popular Paz Andrade, ¿que lle parece?**
—Penso que é unha gran idea introducir o portugués no ensino, é o que tiña que acontecer hai moitos anos, pola proximidade xeográfica e mesmo afectiva. Aínda que hai que traballar tamén por afianzar o ensino en galego e por máis usos para o noso idioma.

## SERVICIOS

| | |
|---|---|
| **TRANSPORTES** | |
| Estación de Autobuses | 981 542 416 |
| Tussa | 981 568 210 |
| Transporte urbano | 901 120 054 |
| Renfe | 902 240 202 |
| Aeropuerto | 981 547 500 |
| AENA | 902 404 704 |
| **PARADAS DE TAXI** | |
| Radiotaxi | 981 569 292 |
| Praza Roxa (24 horas) | 981 595 964 |
| Montero Ríos (24 horas) | 981 561 028 |
| Galeras | 915 580 173 |
| Polígono de Fontiñas | 981 575 959 |
| Avenida de Figueroa | 981 585 973 |
| Estación de Autobuses | 981 582 450 |
| Estación Ferrocarril | 981 598 488 |
| Castiñeiriño | 981 521 300 |
| Aeropuerto de Lavacolla | 981 591 575 |
| **AUTOBUSES DE LÍNEA** | |
| Castromil | 902 292 900 |
| Arriva | 902 277 482 |
| Alsa-Enatcar | 902 422 242 |
| Freire | 981 563 238 |
| La Estradense | 986 570 018 |
| Autobuses de Calo | 981 548 581 |
| Mosquera | 981 587 124 |
| **URGENCIAS** | |
| Emerxencias-SOS Galicia | 112 |
| **SEGURIDAD COMARCAS** | |
| Policía Local de Ames | 619 767 575 |
| Policía Local de Arzúa | 618 881 487 |
| Policía Local de Melide | 610 673 767 |
| Policía Local de Ordes | 676 975 533 |
| Policía Local de Santiago | 981 542 323 |
| Policía Local de Teo | 606 984 838 |
| Policía Local de Oroso | 981 691 680 |
| Guardia Civil de Arzúa | 981 500 002 |
| Guardia Civil de Boimorto | 981 516 212 |
| Guardia Civil de Brión | 981 887 011 |
| Guardia Civil de Melide | 981 505 007 |
| Guardia Civil de Milladoiro | 981 536 405 |
| Guardia Civil de Negreira | 981 885 001 |
| Guardia Civil de Ordes | 981 680 030 |
| Guardia Civil de Padrón | 981 810 091 |
| Guardia Civil de Sta. Comba | 981 880 023 |
| Guardia Civil de Sigüeiro | 981 691 381 |

## FARMACIAS DE GUARDIA

**SANTIAGO**



«Hai que afianzar o ensino en galego e máis usos para o noso idioma», afirma Anxos Sumai. **SANDRA ALONSO**

**ANXOS SUMAI** ESCRITORA E DOCUMENTALISTA

# «Esta novela está construída como se fose unha pintura»

*Lanza a cuarta narrativa longa, sete anos despois da anterior*

**JOEL GÓMEZ**
SANTIAGO / LA VOZ

Anxos Sumai presentou na libraría Couceiro a súa cuarta narrativa longa, *A lúa da colleita*, coa que gañou o premio García

é consciente, como se houbese un duplicado. E trato a vellez, a soidade, a morte, a forma de vida dunha muller que elixe ser independente, algúns destes temas máis como pinceladas que tratados en profundi-

**—Levaba desde 2007 sen publicar narrativa longa...**

—Si, porque ás veces é necesario facer unha pausa. Aínda que publiquei outros traballos nese período.

## La Escola de Altos Estudios lanza el curso de especialización orquestal

SANTIAGO / LA VOZ

La Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago ha abierto el plazo de inscripción para el curso avanzado de especialización orquestal (CAEO), que se impartirá en este centro y está reconocido como título propio de posgrado de la Universidade de Santiago de Compostela (USC).

El curso está dirigido a músicos instrumentistas con titulación superior que tengan como meta adquirir la formación y la experiencia necesarias para integrarse en una orquesta profesional. Tiene una duración de un año académico y comenzará el 1 de octubre de este año, para finalizar el 30 de junio del 2015. Las solicitudes para inscribirse deberán presentarse hasta el 24 de mayo a través de la página web de la escuela (www.eaem.es).

**Clases de piano**

La próxima semana también estará en la Escola el reconocido dúo de pianistas andaluces Víctor y Luis del Va-